



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Bibliotecas
escolares
de Galicia

CPI Plurilingüe “ANTONIO ORZA COUTO” ---

Forte – Boqueixón

Tel. 881866781 - 881866783 - Email: cpi.antonio.orza.couto@edu.xunta.es



PLAN ANUAL DE LECTURA 2021-22

BIBLIOTECA “XOSÉ NEIRA VILAS”

(CURRUNCHO DO SABER) DO CPI

PLURILINGÜE ANTONIO ORZA

COUTO (BOQUEIXÓN)

1. INTRODUCCIÓN	3
2. OBXECTIVOS	3
3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA	4
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.....	5
5. SECCIÓN (BIBLIOTECAS DE AULA OU DEPARTAMENTO).....	9
6. RUTINAS DE LECTURA.....	9
7. RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA	9
8. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS	11
9. LECTURAS PROPOSTAS. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DE CICLOS E DEPARTAMENTOS.	14
1. INFANTIL.....	14
2. PRIMARIA	16
PRIMEIRO	16
SEGUNDO.....	16
TERCEIRO	16
CUARTO	17
QUINTO	18
SEXTO.....	19
3. DEPARTAMENTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA.	19
LINGUA GALEGA E LITERATURA:	19
LATÍN:.....	24
TECNOLOXÍA:.....	25
FRANCÉS:.....	26
MATEMÁTICAS:	31
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA:.....	32
CULTURA CLÁSICA:.....	32
MÚSICA:.....	33
EDUCACIÓN FÍSICA:.....	34
EDUCACIÓN PLÁSTICA:.....	35
RELIXIÓN:	36
LINGUA INGLESA:	37
XEOGRAFÍA E HISTORIA:.....	38
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA:	39
10. FORMACIÓN ALFIN.....	41
11. LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.	41
12. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	42

1. INTRODUCCIÓN

O CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto é un centro público situado nun municipio de carácter rural, que vive fundamentalmente das explotacións agropecuarias e do sector servizos. As empresas máis representativas da zona pertencen ao sector manufactureiro e ao comercio minorista.

Participa no proxecto Abalar case desde o seu nacemento, estando equipadas as aulas de referencia de 1º e 2º de ESO, aínda que todas as aulas do centro contan con ordenador do profesor e proxector, incluída a Biblioteca. Desde o presente curso tamén forma participa no proxecto Edixgal en 1º da ESO, está desenvolvendo os Contratos-Programa Innova de dinamización de hábitos saudables e INCLÚE-T e está no Plan Proxecta RECUPÉRA-T e ARCO.

O centro é accesible para persoas con diversidade funcional e todos os espazos da biblioteca están situados na planta baixa.

Formamos parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares de Galicia e intentamos que a Biblioteca sexa un motor cultural e dinámico que sexa capaz de integrar a toda a comunidade educativa e que mellore o grao de adquisición das competencias clave do alumnado, ademais de apoiar o proceso de ensinanza-aprendizaxe (incluída a alfabetización dixital), paliar as desigualdades e propiciar o acceso ao coñecemento e á formación permanente.

2. OBXECTIVOS

- Fomentar e estimular os hábitos de lectura en toda a comunidade educativa.
- Apoiar a adquisición de competencias clave e a aprendizaxe autónoma.
- Apoiar ao alumnado na adquisición e aplicación de capacidades que permitan localizar, seleccionar, organizar e analizar a información, independentemente do soporte, formato ou medio de difusión.
- Ofrecer oportunidades para realizar experiencias de creación e utilización de información.
- Promover a integración das TIC na busca, localización, selección, recollida, tratamento e produción da información e na selección de lecturas.
- Proporcionar o acceso igualitario aos distintos recursos informativos.
- Apoiar a lectura comprensiva en todos os formatos
- Fomentar a cultura participativa.

- Organizar actividades que estimulen a concienciación e a sensibilización no plano social e cultural.
- Educar no uso crítico da información.
- Contribuír á alfabetización informacional.

3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

A Biblioteca do centro organízase en varios espazos ben diferenciados. En primeiro lugar temos a sección de Infantil e Primaria, que está situada no edificio de Primaria e que conta con espazo de lectura, espazo de traballo e espazo multimedia con ordenadores a disposición do alumnado. En vista da mellora da situación sanitaria, este curso contamos poder abrir esta sección da biblioteca a alumnado e profesorado, establecendo un calendario de uso que garanta a desinfección do espazo e retomando o préstamo.

No edificio de Secundaria contamos coa base da Biblioteca “Xosé Neira Vilas”, onde temos a videoteca, os libros de narrativa e de idiomas, os lectores electrónicos e o currunchito multimedia, con 7 ordenadores para uso do alumnado e que contan con acceso ao OPAC Meiga para a consulta de fondos. Ademais, contamos coa Sala de lectura “Carlos Casares”, onde están os libros específicos das materias, os xogos e unha zona con pufs. Destes dous espazos só se vai poder empregar no día a día a biblioteca base, quedando a Sala de lectura coma espazo COVID. Iso si, vanse poder prestar e consultar todos os fondos que estean nesa sala.

A Biblioteca está aberta durante os dous recreos. Sen embargo, está a disposición de todo o profesorado que queira impartir a súa clase nese espazo. A sección de Primaria emprégase tamén fóra do horario lectivo para realizar actividades organizadas pola AMPA. En canto á sección de Secundaria, non se plantexa a posibilidade de abrila fóra de horario lectivo xa que todo o alumnado marcha no transporte escolar logo de rematadas as clases.

No que respecta aos tempos de lectura, ademais das actividades puntuais está previsto que haxa unha hora de lectura dentro do horario lectivo e, en Secundaria, a maiores, lerán os 15 primeiros minutos das gardas de ausencia do profesorado. Do mesmo xeito, o alumnado disporá dun tempo dentro do seu horario para a lectura individual (hora de ler).

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO

As liñas de actuación prioritarias, en relación cos obxectivos do Plan Lector son as seguintes:

1.- En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes”:

- Seguir contando cun Equipo de biblioteca multidisciplinar e ao comezo do curso determinar as tarefas de cada membro, aínda que na elaboración de materiais e actividades participará todo o equipo, así como profesorado de diferentes departamentos e ciclos.
- Formar ao profesorado nos procedementos de xestión básicos: uso do Meiga, normas de préstamo, CDU, etc.
- Continuar coa formación de usuarios, implicando ao alumnado voluntario na difusión das normas de uso da biblioteca.
- Adaptar os espazos da biblioteca á realidade sanitaria na que nos atopemos o curso que vén.
- Continuar coa eliminación de papel na publicación de normas, trípticos... editando vídeos, audios...
- Seguir coa actualización de fondos seguindo as suxestións do claustro de profesores, alumnado e familias intentando aumentar o número de libros informativos.
- Manter un horario mensual para uso dos espazos por parte do profesorado.
- Elaborar os carnés para os novos usuarios.
- Valorar a continuación das Biblio-caixas, para levar a biblioteca ás distintas aulas de Infantil e Primaria.
- Seguir coa organización dos espazos da biblioteca, dos fondos, co traballo de recatalogación e coas as tarefas de mantemento (expurgo, cambio de etiquetas defectuosas...).
- Continuar co mantemento e actualización do blog, da sección da Biblioteca na páxina web do centro e do Instagram.

2.- En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

- Publicar os recursos e actividades da biblioteca a través da páxina web do centro, do blog da biblioteca, do Instagram, da pantalla dixital de información das diferentes actividades na entrada dos diferentes edificios, a colocación de cartelería nos corredores, a publicación dos novos fondos no andel “Novidades”, as notas informativas para a comunidade educativa e as sesión de formación de usuarios para o alumnado novo, as familias e para as diferentes titorías.
- Manter a colaboración con outros programas de aula/centro (TIC, Convivencia, Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Actividades Extraescolares), cos departamentos e ciclos nas decisións de adquisicións de fondos en distintos formatos para evitar as desigualdades económicas que puideran existir.
- Empregar os fondos para as lecturas obrigatorias das distintas linguas (castelá, galega, inglesa e francesa), así como para a Hora de ler e a lectura nos primeiros 15 minutos nas gardas no casos de ausencia do profesorado no caso de Secundaria.
- Organizar exposicións temporais de fondos.
- Dotar á comunidade educativa de recursos en diferentes formatos para investigar sobre temáticas diversas e contribuír deste xeito á alfabetización múltiple.
- Promocionar a biblioteca e os seus fondos a través de diferentes actividades.

3.- En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional.

- Elaborar carteis e trípticos en formato dixital para divulgar na web e nas pantallas dos corredores as normas de funcionamento da biblioteca.
- Presentar a biblioteca ao alumnado, ás familias e ao profesorado novo e explicarlles o seu funcionamento.
- Continuar realizando actividades e traballos de investigación como escape rooms, ximcanas... para contribuír á competencia informacional e dixital do alumnado, creando actividades novas usando os medios de comunicación e identificando noticias falsas.
- Potenciar a dinámica de traballo colaborativo e por proxectos cos diferentes equipos de dinamización do centro, departamentos e titorías.
- Realizar unha formación específica para o profesorado novo integrante do Equipo.

- Fomentar o uso da páxina de OPAC MEIGA para a consulta de fondos.

4.- En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector de centro.

- Atender ás necesidades daqueles departamentos que o soliciten.
- Elaborar as recomendacións lectoras trimestrais (Nadal), abril (Día do libro) e xuño (Verán); así como guías de lectura temáticas e periódicas: novidades, medo, amor e amizade...
- Lecturas individuais e colectivas e lectura en voz alta (alumnado de cursos superiores aos máis pequenos) e lecturas compartidas na Biblioteca arredor dunha celebración: Samaín, Día do Libro, Día da poesía, Día das Letras Galegas...
- Poñer os recursos da biblioteca a disposición do alumnado nos quince primeiros minutos de todas as gardas de ausencia do profesorado.
- Actualizar o Plan Anual de Lectura.
- Promover o uso dos lectores electrónicos dos que dispón a biblioteca, mercando novos títulos atractivos e fomentar o seu uso na sección de Primaria.
- Crear mochilas viaxeiras con material para uso de toda a familia.
- Organizar actividades que impliquen a lectura, escritura e produción de información: concursos, charlas, obradoiros, encontros con autores...
- Retomar e fomentar a participación no clube de lectura.
- Continuar co programa “Hora de ler”.
- Ampliar a selección de recursos para adultos para conseguir crear unha comunidade de lectores.
- Diseñar actividades para a celebración do Día do Libro e do Día das Letras Galegas.
- Colaborar coas iniciativas dos diferentes equipos de dinamización e departamentos didácticos do centro.

5.- En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.

- Facilitar o acceso ás novas tecnoloxías e ao material de lectura obrigatorio ao alumnado con poucos recursos.
- Rematar a sinalización visual dos andeis (cun cartel co número, a cor e a temática correspondente á CDU) e engadir pictogramas.

- Mercar máis exemplares de libros electrónicos, que permiten aumentar a letra para o alumnado con problemas de visión ou de lectura.
- Ante a dificultade de atopar audiolibros axeitados para o noso alumnado, buscar algún tipo de e-reader que reproduza de forma oral os libros para axudar ao alumnado que ten serias dificultades de lectura e/ou graves dislexias.
- Adquirir fondos específicos para o alumnado con dislexia.

6.- Outras actuacións.

- Apoio e coordinación con outros programas e proxectos de aula/centro: TIC, Equipo de Actividades Extraescolares, Equipo de Dinamización da Lingua, Contratos-programa (Innova en dinamización de hábitos saudables e IGUÁLA-T) e Plan Proxecta (RECUPÉRA-T e ARCO).
- Realizar actividades de fomento da igualdade e de prevención do acoso escolar.
- Crear un espazo creativo nas dúas seccións da biblioteca, de ser posible pola situación sanitaria.
- Colaborar na revisión e actualización do Proxecto Lector de Centro.
- Organizar actividades en días sinalados (Samagosto, Día da Paz, 25 de novembro...).
- Aumentar a colaboración entre a nosa biblioteca e a do Concello, así como colaborar con outras Bibliotecas Escolares.
- Continuar traballando coas familias para fomentar a súa participación nas diferentes actividades da biblioteca, tanto dándolle continuidade ao carné familiar como coa adquisición de fondos para a sección de adultos e así fomentar a lectura en toda a comunidade educativa.
- Solicitar de novo o programa “Radio na biblio”.

7.- Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van utilizar.

- Criterios de avaliación:
 - Adecuación das actividades programadas.
 - Grao de colaboración do alumnado e profesorado.
 - Grao de cumprimento dos obxectivos previstos nas liñas prioritarias.
- Procedementos de avaliación:

- Reunións do Equipo, onde se detallan as dificultades, se chega a acordos en relación a todo o proceso dinamizador e se fai unha avaliación das actividades realizadas.
- Estatísticas de uso proporcionadas polo Meiga.
- Libro de rexistro de uso dos ordenadores do Espazo Multimedia.
- Enquisas de valoración das actividades realizadas.

5. SECCIÓNS (BIBLIOTECAS DE AULA OU DEPARTAMENTO)

Os libros pertencentes aos departamentos están case na súa totalidade en depósito na Biblioteca, agás os do departamento de orientación, que ten unha biblioteca propia e os seus libros non están catalogados no Meiga.

En canto ás bibliotecas de aula, destacar as de Infantil e Primaria, con libros que estarán catalogados dentro da Biblioteca.

En canto a Secundaria, as bibliotecas de aula unicamente contan con dicionarios de consulta incluídos no inventario de aula e durante este curso, debido á situación sanitaria, non está previsto crear ningunha biblioteca de aula máis.

6. RUTINAS DE LECTURA

Seguiremos coas iniciativas:

- Hora de ler.
- Hora de lectura dentro do horario lectivo e, en Secundaria, a maiores, manterase a lectura os 15 primeiros minutos das gardas de ausencia do profesorado.

7. RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA

- EQUIPO DIRECTIVO

Correspóndelle liderar o Plan Anual de Lectura e pór en marcha todas as estratexias necesarias para a súa implantación no centro, para o seu desenvolvemento coordinado e para a realización dun proceso de avaliación interna do mesmo. Así mesmo deberá integralo dentro da Programación Xeral Anual.

- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Terá unha dobre función:

- Colaborar na elaboración do deseño, seguimento e avaliación do Plan Anual de Lectura.
- Colaborar co equipo directivo na coordinación de todo o proceso.

- PROFESORADO

Baixo a coordinación dos Xefes de Departamento, todo o profesorado é responsable da posta en marcha do Plan Anual de Lectura e das actividades de fomento da lectura recollidas nas programacións didácticas.

Ademais, é responsabilidade súa a realización de actividades que melloren a competencia lectora, o hábito de lectura e o gusto pola mesma.

A maior parte do claustro colabora nas distintas actividades organizadas.

- EQUIPO DE BIBLIOTECA

Está formado por tres profesoras de Secundaria e catro profesoras de Infantil e Primaria. A dirección está presente no equipo coa colaboración da Secretaria do centro.

- COORDINADORA DO EQUIPO DE BIBLIOTECA

As súas funcións son:

- ✓ Axudar a programar o Plan Anual de lectura dende a análise da situación, as necesidades e os obxectivos establecidos no Plan Lector.
- ✓ Axudar na organización dos documentos e recursos dispoñibles.
- ✓ Coordinar o funcionamento da biblioteca e facilitar o seu uso.
- ✓ Atender ás demandas de fondos bibliográficos do profesorado e alumnado.
- ✓ Colaborar no uso didáctico da biblioteca.
- ✓ Coordinar as tarefas do equipo de biblioteca.
- ✓ Planificar accións de dinamización bibliotecaria.
- ✓ Colaborar na formación do alumnado, profesorado e familias como usuarios.
- ✓ Coordinar e actuar de enlace entre as súas propias actuacións coas do centro e os axentes externos.

- ALUMNADO

Participarán activamente no Plan Anual de lectura como protagonistas do acto lecto-escritor e como membros das distintas estruturas organizativas (colaboradores de biblioteca, axentes de animación, autores de textos, apoio á selección de fondos, difusores das actividades, participantes nos distintos concursos, etc).

Debido á demanda, este curso volveremos a solicitar as bibliotecas solidarias en Secundaria.

- PAIS E NAIS

Crearán no fogar un clima lecto-escritor e animarán aos seus fillos/as no hábito de lectura. Ademais implicaranse nas actividades que se planifiquen e colaborarán na selección de materiais para a Biblioteca.

8. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS

O Equipo da Biblioteca será o encargado de organizar, promover e difundir as seguintes actividades:

Durante todo o curso:

- Realización dun horario mensual de uso da Biblioteca.
- Rexistro, catalogación e organización dos fondos da biblioteca adaptándoos á CDU.
- Organización de sesións de “Formación de usuarios” e difusión entre os titores do material dentro do ámbito da Alfabetización Informacional.
- Renovación de fondos e mobiliario.
- Coordinación cos diferentes departamentos, ciclos e equipos do centro para elaborar actividades comúns coa Biblioteca como nexo de unión.
- Guías de lectura en datas sinaladas (Nadal, Día do Libro, verán).
- Realización de actividades de promoción, difusión e animación da lectura en datas significativas: Día das Bibliotecas, Samaín, Día de Xosé Neira Vilas, Día Contra a Violencia de Xénero, Día da Muller Traballadora, Día das Letras Galegas, Día do Libro, etc).
- Divulgación das actividades realizadas na biblioteca na pantalla dixital da entrada, no blog da biblioteca e no foro do Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares.

- Fomento da participación do alumnado no concurso de relatos Xosé Neira Vilas.
- Organización de actividades relacionadas co lema das bibliotecas escolares deste curso: A biblioteca escolar ten a palabra.
- Manter as canles virtuais de colaboración e difusión de actividades entre toda a comunidade educativa.
- Participación do alumnado en obradoiros de escritura, lectura, etc.
- Outras actividades que vaian xurdindo ou se vaian propoñendo en colaboración co resto de departamentos e equipos do centro.

1º TRIMESTRE:

- Organización de visitas á biblioteca para o alumnado e profesorado novo no centro.
- Elaboración dos carnés de lector para o alumnado e profesorado novos e para as familias.
- Semana das escritoras (semana do 18 de outubro): En Secundaria xirará ao redor da figura de Emilia Pardo Bazán, coincidindo co centenario do seu pasamento. Organizarase unha exposición en colaboración co departamento de Lingua Castelá e o alumnado escollerá citas célebres e fragmentos da obra da autora.
En Infantil traballarán un conto de Paula Carballeira e elaborarán un cartel anunciando o Día das Escritoras e en Primaria realizarán unha exposición sobre diversas autoras con exemplares da súa obra.
- Día da Biblioteca (24 de outubro): Celebrarase en colaboración coa Biblioteca Municipal de Boqueixón, planificándose varias visitas co alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria para coñecer a biblioteca e realizar actividades de animación á lectura.
- Samaín e Magosto (semana do 2 de novembro): Elaboración de relatos de medo en formato podcast con ambientación musical e efectos sonoros en colaboración cos departamentos de Lingua Galega e Música. Os mellores publicaranse no blog da Biblioteca. En Infantil e Primaria haberá lectura de contos de medo, relacionados co Magosto ou co outono. Lerase un conto ou historia cada día durante toda a semana.

- Día Internacional contra a violencia de xénero (25 de novembro): En Infantil traballarase co conto... En ESO realizaranse varios obradoiros sobre a violencia de xénero na biblioteca e farase unha selección de lecturas que logo se comentarán na aula.
Seleccionarase material axeitado para traballar nas titorías e na materia de Valores Éticos.
- Día de Neira Vilas: Este ano recomendaranse lecturas do autor e haberá lecturas de Neira Vilas para o alumnado de Primaria en todas as bibliotecas de aula.
- Día Internacional dos Dereitos Humanos (10 de decembro): Elaboración dun vídeo e/ou podcast co alumnado, seleccionarse información para o traballo na aula e realizaranse diversas actividades en colaboración coa materia de Valores Éticos.

2º TRIMESTRE:

- Día da Paz e da non violencia (30 de xaneiro): Realizaranse diversas actividades en colaboración coa materia de Valores Éticos e co Equipo de Actividades Extraescolares como a busca de poemas, lemas e a súa exposición na biblioteca. Elaborarase un mapa de conflitos bélicos no mundo e recomendaranse materiais relacionados co tema para traballar na aula.
- Día das nenas e as mulleres nas ciencias (11 de febreiro): Realizaranse traballos de investigación sobre diferentes inventoras e científicas cos seus descubrimentos. Procurarse invitar a unha científica para que veña a falarnos do seu traballo e seleccionaranse materiais e lecturas sobre o tema.
- Día de Rosalía (24 de febreiro): Realizaranse diferentes actividades en torno á autora, así como exposicións.
Haberá unha lectura de poemas e fragmentos da súa obra durante os recreos dese día.
- Día Internacional da muller (8 de marzo): Crearanse materiais para traballar na aula, realizarase unha exposición de libros relacionados co tema, elaboraranse materiais sobre mulleres importantes en todos os campos da sociedade e organizaranse sesións co alumnado, dirixidas polos membros do equipo da biblioteca que dean lugar á reflexións e ao debate. Realizarase unha entrevista a unha muller relevante da contorna.

3º TRIMESTRE:

- Seleccionar información para traballar a narración oral nos diferentes cursos. Convocarase un concurso de narración oral en diferentes formatos (microrrelatos, lendas...) co gallo do Día da Narración oral o 20 de marzo.
- Recomendacións lectoras e actividades de fomento da lectura no Día do Libro (23 de abril). Ademais organizaranse apadriñamentos lectores e lecturas compartidas entre alumnado de Primaria, Infantil e a ESO.
- Traballarase as fake news e as fontes de información co gallo do Día Mundial da liberdade de prensa (3 de maio).
- Seleccionaranse e elaboraranse actividades sobre o persoeiro ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas.
- Elaboración de recomendacións lectoras para o verán.

En caso de ter novamente unha actividade académica non presencial, a biblioteca servirase do espazo web, do blog e das redes sociais para seguir coa súa labor, adaptando todas as actividades a un formato virtual e participativo, no que toda a comunidade educativa poida colaborar.

Do mesmo xeito, a coordinadora da biblioteca establecerá un horario de atención para profesorado e alumnado.

9. LECTURAS PROPOSTAS. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DE CICLOS E DEPARTAMENTOS.

Estas son as contribucións ao plan lector dos distintos ciclos e departamentos, así como a listaxe de lecturas obrigatorias e/ou optativas que propoñen.

1. INFANTIL.

OBXECTIVOS:

- Fomentar o hábito lector dende idades temperás provocando o gusto de mirar e "ler" libros autonomamente.
- Fomentar o bo uso da biblioteca valorándoa como espazo no que se divirten e o respecto polos libros (tendo en conta as normas do Protocolo COVID).
- Crear hábitos de respecto e coidado da biblioteca da aula e do colexio.

- Respetar e coidar os materiais de empréstito.

ACTIVIDADES:

- Lectura e **manexo de libros** no recuncho da biblioteca de aula en grupos colaborativos en quendas organizadas polas titoras.
- Na hora de ler, **escoita atenta** de lectura de diferentes textos literarios: contos, lendas, relatos, poesías, rimas, adiviñas...
- De outubro a maio, todos os venres, levan unha **carpeta con libro** de empréstito (escollido libremente da biblioteca) e ficha para realizar un debuxo ou obra plástica alusiva ó libro. Nesta actividade están involucradas as familias que realizan esta tarefa conxuntamente co seu fillo/a. De volta na escola, as carpetas quedarán en corentena e en días posteriores, revisaremos unha a unha cada carpeta en presenza de todos os alumnos/as apreciando e valorando o traballo dos compañeiros/as.
- Elaboración dun **libro con todas as fichas** realizadas por cada alumno que finalmente, en xuño, levan ás súas casas.
- Creación dunha mochila viaxeira relacionada co Proxecto de Centro “O Camiño de Santiago” que se realizará durante este curso escolar con motivo do Ano Xacobeo 2021.

A mochila levará un conto, unha fotografía dalgún lugar significativo da nosa contorna e un libro con páxinas en branco para que as familias poidan facer a súa aportación coa foto dese espazo natural, arquitectónico, paisaxístico, cultural,... que eles aprecian de xeito especial, explicando o motivo desa elección. Os nenos/as farán un debuxo e poñerán un selo (feito por eles) para certificar o paso do libro polo seu fogar.

- Na Semana das Letras Galegas (se as condicións sanitarias melloran e o Protocolo Covid o permite) convidaremos as **familias** para que entren nas aulas a contar contos, ler poemas, realizar dramatizacións con títeres, etc... De non ser posible a participación das familias na aula faremos a proposta de que graven un vídeo contando un conto, recitando un poema, propoñendo unha adiviña, etc. para visionar na pantalla dixital nas aulas de Infantil.

2. PRIMARIA

PRIMEIRO

Lecturas incluídas no Plan Lector:

2º TRIMESTRE

Marosa e Mariña camiñan a Compostela de Iago López.

En tus zapatos de Meritxel García.

3º TRIMESTRE

Dez gatiñas viaxeiras de Eva Mejuto.

¡Fuera disfraces! de Bel Olid.

SEGUNDO

Durante o 1º trimestre lerán un libro da biblioteca de aula e levarán para a casa semanalmente libros da biblioteca do centro.

No 2º trimestre leremos o libro *El abecedario travieso* da editorial Takatuka. Ademais, no tempo adicado exclusivamente ao plan lector, lerán contos na aula.

No 3º trimestre leremos *Macarrones con Zombi*, da editorial Destino.

TERCEIRO

O Proxecto lector busca integrar todas as tarefas educativas enfocadas á lectura, comprensión lectora e escritura. É labor de todo o equipo docente, pero cada mestre dende a súa programación recollerá as actividades a levar a cabo para contribuír con este proxecto.

Realizaranse lecturas diarias, ao longo da xornada escolar. Acudiremos semanalmente durante unha sesión á biblioteca escolar, fomentando nos nenos/as o gusto pola lectura.

Debido ao pouco hábito lector que teñen a maioría dos alumnos e alumnas, será fundamental levar a cabo actividades que fomenten este hábito de maneira que sintan o pracer da lectura e que non o vexan como unha obriga que lles mandan no colexio.

Para tal fin, a biblioteca de aula e a escolar serán un espazo permanentemente accesible para os alumnos e alumnas. Os alumnos poderán levar libros para ler na súa casa.

En canto á biblioteca de aula sería interesante poder ampliar o número de libros, tanto en galego como en castelán, e tamén algún libro en inglés (adaptado á idade dos alumnos).

En relación á biblioteca do centro, cada aula ten asignada unha hora da semana para coller e devolver libros e cada alumno e alumna ten o seu carnet de lector.

Lecturas que se traballarán:

- *¡Qué asco de bichos! El cocodrilo enorme.* Roald Dahl.
- *Tres bichicomas, dúas illas e una serea.* Rosa Aneiros.

CUARTO

O proxecto lector busca integrar todas as tarefas educativas enfocadas á lectura, comprensión lectora e escritura. É labor de todo o equipo docente, pero cada mestre dende a súa programación recollerá as actividades a levar a cabo para contribuír con este proxecto.

Realizaranse lecturas diarias, ao longo da xornada escolar.

Debido ao pouco hábito que teñen a maioría dos alumnos e alumnas á lectura, será fundamental levar a cabo actividades que fomenten este hábito de maneira que sintan o pracer da lectura e que non o vexan como unha obriga que lles mandan na escola.

Para tal fin, a biblioteca de aula será un espazo permanentemente accesible para os alumnos e alumnas. Os alumnos poderán levar libros para ler na súa casa.

En canto á biblioteca de aula sería interesante poder ampliar o número de libros, tanto en galego como en castelán, e tamén algún libro en inglés (adaptado á idade dos alumnos).

ACTIVIDADES ESPECÍFICAS PARA O FOMENTO DA LECTURA E A SÚA COMPRENSIÓN NA AULA DE 4º

Ademais de todas as actividades indicadas ao longo da presente programación no apartado de fomento á lectura en cada unha das unidades nas distintas áreas, algunhas actividades que se levarán a cabo na aula para motivar aos nenos a ler máis son:

- Insistir na reunión inicial con pais da importancia que supón o hábito lector para o desenvolvemento académico dos seus fillos, resaltando a baixa comprensión do alumnado no enunciado de exercicios e exames. Explicarlles que debe ser unha tarefa de colaboración entre familia e escola.
- Plan Lector: Todos os días ao chegar do recreo terán 20 minutos de lectura na aula, serán lecturas individuais e silenciosas ou lecturas colectivas en voz alta.
- Os nenos e nenas contarán ou resumirán aos demais nenos algúns dos contos que vaian lendo, podendo así observar a comprensión da lectura realizada e posibilitando aos nenos e nenas exteriorizar e compartir os sentimentos que cada lectura lles produce.
- Cando o mestre o considere, levarán unha ficha de comprensión lectora que constará dun breve texto e as súas correspondentes preguntas.
- Unha vez ao mes, aproximadamente, recomendarase unha lectura voluntaria para a casa.

QUINTO

Durante o 1º trimestre os nenos traerán un libro da casa e farán lectura individualizada.

No 2º trimestre terán que ler o libro en galego *Plan de rescate* de Antía Yáñez. Premio Agustín Fernández Paz pola Igualdade 2019.

No 3º trimestre terán que ler un libro en castelán, aínda por determinar.

SEXTO

No 1º trimestre empregaranse os libros da biblioteca de aula: cada alumno/a escollerá un libro para ler e facer unha ficha de lectura para traballar a comprensión lectora.

No 2º trimestre traballarase un libro en lingua galega que será escollido polas titoras.

Durante o 3º trimestre traballarase un libro en lingua castelá escollido polas titoras.

3. DEPARTAMENTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA.

LINGUA GALEGA E LITERATURA:

O Departamento de Lingua Galega actuará de xeito activo no fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

O Departamento colaborará plenamente no Proxecto Lector do Centro, e co Equipo da Biblioteca que forma parte desde hai anos do PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares).

Os **obxectivos** fixados neste plan global son os seguintes:

- Contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas na aprendizaxe.
- Potenciar e consolidar o hábito lector co fin de espertar o gusto pola lectura.
- Desenvolver a capacidade da comprensión lectora como técnica transversal no currículo de forma sistemática e integrada no contexto da clase.
- Desenvolver a expresión escrita como medio para facer lectores.
- Fomentar o valor da Biblioteca como centro de documentación e como utensilio de traballo imprescindible para o desenvolvemento de certos aspectos curriculares de todas as áreas.
- Implicar a toda a comunidade educativa no Proxecto Lector.

As **accións** previstas de acordo co proxecto lector son as seguintes:

- Favorecer o tempo adicado á lectura individual e silenciosa na aula.

- Seleccionar títulos de obras relacionados cos contidos da nosa disciplina, lecturas de entretemento, goce ou divulgación co fin de achegalas aos intereses do alumnado/lector.
- Proporcionar dicionarios de diferentes tipos, valorar o seu uso e potenciar o seu manexo.
- Colaborar co Equipo da Biblioteca para a selección das novidades editoriais e posterior incorporación ós fondos da nosa Biblioteca.
- Proporcionar ao Equipo da Biblioteca os títulos que o alumnado recomende para a súa compra e incorporalas igualmente ós seus fondos.
- Participar nas actividades propostas polo Equipo da Biblioteca .
- Seleccionar os títulos dos libros de lectura procurando que o número de exemplares na biblioteca do centro sexa elevado.
- Hora de ler. Dedicarase un tempo á lectura en silencio (15 minutos), tanto para o alumnado como para o profesorado na que se lerán textos de libre elección.
- Animar á lectura individual nos momento que o alumnado vaia acabando de facer o traballo de aula ou as probas escritas.
- Lecturas na hora de garda. Trátase de que as horas de garda sexan aproveitadas polo alumnado non só para traballar nas diferentes materias, senón tamén para ler literatura de ficción. Dedicaranlle 15 minutos.
- Fomentar a participación do alumnado no Concurso de Relatos Xosé Neira Vilas convocado polo concello de Boqueixón, en colaboración coas bibliotecas de ambas institucións: concello e centro educativo.
- Impulsar a participación en concursos literarios diversos.

O noso **itinerario lector**:

A selección de títulos para cada nivel foron escollidos con criterios de calidade e procurando que o alumnado goce da lectura. Haberá un libro obrigatorio por trimestre e cando outro optativo a maiores por trimestre dunha listaxe proposta ou seleccionado polo propio alumno.

Así, para este curso as obras literarias escollidas, suxeitas a posibles cambios en función das necesidades de distribución de libros ou en base a criterios pedagóxicos, son as seguintes:

Lecturas obrigatorias: 1º ESO

1ª avaliación: **Corredora** de María Reimóndez

2ª avaliación: **Chamádeme Simbad** de Francisco Castro

3ª avaliación: **Atranco no banco** de Manuel Núñez Singala

Lecturas obrigatorias: 2º ESO

1ª avaliación: **Maldito DNI** de Pepe Carballude

2ª avaliación: **Atranco no banco** de Manuel Núñez Singala

3ª avaliación: **Conta nove estrelas** de Andrea Maceiras

Lecturas obrigatorias: 3º ESO

1ª avaliación: **O corazón de Xúpiter** de Leticia Costas

2ª avaliación: **Europa Express** de Andrea Maceiras

3ª avaliación: **Memorias dun neno labrego** de Xosé Neira Vilas

Lecturas obrigatorias: 4º ESO

1ª avaliación: **Europa Express** de Andrea Maceiras

2ª avaliación: **Os vellos non deben namorarse** de Castelao

3ª avaliación: **Os nenos da variola** de María Solar

Lista de lecturas voluntarias: 1º ESO

- *A balada dos unicornios* de Leticia Costas (novela)
- *A mansión dos Pampín* de Miguelanxo Prado (cómic)
- *A pel do mundo* de Berta Dávila (poesía)
- *Ás de mosca para Anxo* de Fina Casalderrey
- *As flores radiactivas* de Agustín Fernández Paz (novela)
- *Astérix: O menhir de ouro* de René Goscinny (cómic)
- *Cando petan na porta pola noite* de Xabier P. Docampo (relatos)
- *Conta nove estrelas* de Andrea Maceiras (novela)
- *Esmeraldina, a pequena defunta* de Leticia Costas (novela)
- *Mamá, quero ser Ziggy Stardust* de Iria Misa (novela)
- *No corazón do bosque* de Agustín Fernández Paz (novela)
- *O achado do castro* de Manuel Núñez Singala (teatro)
- *O misterio das badaladas* de Xabier P. Docampo (novela)

- *Os Barbazóns: A noite de Samaín* de Pepe Carreiro (cómic)
- *Os Barbazóns: No solpor da Prehistoria* de Pepe Carreiro (cómic)
- *Palabras de caramelo* de Gonzalo Moure (novela)
- *Perigo vexetal* de Ramón Caride
- *Poemar o mar* de Antonio García Teijeiro (poesía)
- *Trece anos de Branca* de Agustín Fernández Paz (novela)
- *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* de Castelao
- *Usha* de María Reimóndez (novela)
- *Volvo! O regreso de Usha* de María Reimóndez (novela)

Lista de lecturas voluntarias: 2º ESO

- *A balada dos unicornios* de Leticia Costas (novela)
- *A banda sen futuro* de Marilar Aleixandre (novela)
- *A mansión dos Pampín* de Miguelanxo Prado (cómic)
- *A pel do mundo* de Berta Dávila (poesía)
- *A proba da auga* de Anêmona del Río (manga)
- *Ás de mosca para Anxo* de Fina Casalderrey
- *As flores radiactivas* de Agustín Fernández Paz (novela)
